



CONVOCATORIA PARA O CLUB DE LECTURA DE ADULTOS

INVITACIÓN PARA O CLUB DE LECTURA DE ADULTOS

Apreciados membros da comunidade educativa:

Este curso 2023-2024, no IES Pedregal de Irimia continuamos co proxecto comezado o curso pasado para fomentar o pracer da lectura entre a comunidade educativa.

Invitámosvos novamente a unirvos club de lectura para adultos dirixido a toda a comunidade educativa (nais e pais, titoras/-es legais, profesorado e persoal non docente), dentro do club de lectura *Soños de papel*, que leva xa varios anos funcionando no centro.


A idea é xuntarnos unha vez por trimestre para falar dun libro, compartindo opinións co fin de enriquecernos cos distintos puntos de vista que aporte cada un dos membros e realizar algunha outra actividade cando sexa posible.

As obras propostas para este curso, repartidas nos tres trimestres son as seguintes:

1º trimestre.- **PAULA CARBALLEIRA: *As alumnas*.**

Título: *As alumnas* Cun feixe de premios ás súas costas –o máis recente, o PREMIO NACIONAL DE LITERATURA DRAMÁTICA 2023 Premio Nacional de Literatura Dramática 2023 esta peza teatral reflexiona sobre o enorme retroceso que supuxo o franquismo para a educación e sobre esta como peza fundamental no desenvolvemento e na liberdade das persoas, especialmente das mulleres. Figura de referencia é a mestra María Barbeito, rememorada por dúas antigas alumnas na data do seu falecemento.

Autor:
CARBALLEIRA,
Paula
Editorial: Galaxia
Idioma: galego
Páxinas: 100
Ano: 2022



2º trimestre.- **ELOY MORENO: *Invisible***


Título: *Invisible* Quen non quixo ser invisible ?
Autor: MORENO, Eloy Quen non quixo deixar de selo algunha vez ?
Editorial: Nube de tinta *Invisible* conta, a través dos ollos dun neno, unha historia que podería ser a de calquera de nós, unha historia de soidade e impotencia que non deixa a ninguén indiferente.
Idioma: español
Páxinas: 304
Ano: 2018



3º trimestre.- XOSÉ LUÍS VÁZQUEZ SOMOZA: O conserxe.

Título: *O conserxe*
Autor: VÁZQUEZ SOMOZA, Xosé Luís
Editorial: Xerais
Idioma: galego
Páxinas: 248
Ano:2021

A vida dun IES de recente creación vese alterada por un acontecemento dramático: o cadáver dunha alumna de 1º de Bacharelato, aparece colgado do aro dunha canastra. A policía de protocolo e as investigacións xudiciais conclúen, segundo o criterio da custodia, un informe inexacto de posible suicidio. A partir de aquí, comezan as investigacións informais do propio conserxe para tratar de esclarecer as circunstancias do falecemento do menor. Son case dúas semanas de investigación que ofrecen unha visión apaixonante do mundo académico, que percorre todos os ámbitos, nos que están implicados os distintos colectivos do ámbito educativo, dende o profesorado, o non docente, as familias ata a propia sociedade.



Se tedes algunha dúbida ou algunha suxestión que facernos, podedes poñernos en contacto connosco a través do correo electrónico bibliomeira@gmail.com

Agardámosvos e agradecemos de antemán a vosa participación.

Un saúdo,

O EQUIPO DE BIBLIOTECA DO IES PEDREGAL DE IRIMIA